

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 24 DE FEBREIRO DE 2022

Ás 10:05 horas do día 24 de febreiro de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 21 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral  
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio dos Servizos Económicos de Dirección  
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 2, 4 e 11)  
D<sup>a</sup>. Ruth María Gallego Santos, como suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste ao punto 7) e como suplente da xefa do Servizo de Electromecánicos (asiste aos puntos 9 e 10)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RUNRUNVIGO (21.172-333)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. 321 GO EVENTOS, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:52	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AA49-C4D12E-31EA2H-QTQFZU-3SH16Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

2. TEAM RELAY, S.L.

#### 4.- Apertura da documentación técnica

##### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RUNRUNVIGO (21.172-333)

Procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

#### 7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

##### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo Taller de Vías e Parque móbil municipal, dentro das competencias da Concellería de Fomento do Concello de Vigo (772-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 18 de febreiro de 2022, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con COORDINA. COORDINACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

#### 9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

##### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical á intemperie instalados na avenida de Gran Vía, no Concello de Vigo (1.087-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 18 de febreiro de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:52	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AA49-C4D12E-31EA2H-QTQFZU-3SH16Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## 10.- Propostas de clasificación/clasificación

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical á intemperie instalados na avenida de Gran Vía, no Concello de Vigo (1.087-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical á intemperie instalados na avenida de Gran Vía, no Concello de Vigo (1.087-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	TK ELEVADORES ESPAÑA,S.L.	87,81
2	SCHINDLER, S.A.	77,87

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TK ELEVADORES ESPAÑA,S.L. (B-46.001.897), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

## 11.- Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento técnico legal dos procesos de tratamento e desinfección en materia de lexionela nas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (4.111-611)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en segundo lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con AGRONERGA, S.L.

A continuación lembra que na sesión que tivo lugar o 11 de febreiro de 2022 entendeu-se retirada a oferta presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, COSAPLAG, S.L.U., e ao abeiro do previsto no artigo 150.2 da LCSP, requiriuse a mesma documentación ao segundo clasificado, AGRONERGA, S.L.

O referido acordo foi notificado o 14 de febreiro de 2022 e AGRONERGA, S.L. presentou a documentación o día 21 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Unha vez examinada a documentación presentada, a Mesa de Contratación acorda, por



unanimidade:

- Conceder un prazo de 3 días a AGRONERGA, S.L. para que poida emendar a acreditación dos medios persoais, tanto os esixidos como os propostos na súa oferta, e de conformidade co previsto no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.

Concretamente, falta por acreditar a capacitación e experiencia de 2 aplicadores de tratamento de biocidas (posto que na súa oferta propuxo 6 aplicadores a maiores do mínimo esixido -2 aplicadores-, o que farían un total de 8 aplicadores, non 6). Así mesmo, non resulta correctamente acreditada a solvencia de 3 dos aplicadores:

- D. Manuel Ferradás Castro: a súa experiencia, segundo o contrato laboral achegado, é de "conductor asalariado de automóbiles, taxis y furgonetas".
- D. Rafael Cesáreo Faraldo Reinoso e D. Gabriel Fernández Pérez: a experiencia acreditada é inferior á esixida (3 anos).

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:52	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AA49-C4D12E-31EA2H-QTQFZU-3SH16Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		